

INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS XERAIS EN RELACIÓN COA SOLICITUDE PRESENTADA POLO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI CON DATA 4 DE SETEMBRO DE 2025 NA QUE SE SOLICITA A REESTRUTURACIÓN PARCELARIA PARA, ENTRE OUTRAS, A PARROQUIA DE TABOI (CONCELLO DE OUTEIRO DE REI)

1. ANTECEDENTES

Con data 18 de marzo do 2005 foi presentada unha solicitude de concentración parcelaria ao abeiro da Lei 10/1985, de 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, para a parroquia de Taboi, no Concello de Outeiro de Rei.

A solicitude viña acompañada de 90 sinaturas que representaban - segundo se manifestaba - a maioría das persoas propietarias na zona, e consta no expediente o informe de veracidade dos datos por parte do Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, D. José Pardo Lombao.

A zona denominouse Taboi, asignándosele o número 270257.

Con data 4 de setembro de 2025 recíbese neste Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo unha nova solicitude, esta vez de reestruturación parcelaria de carácter público, amparados na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, para - entre outras - a parroquia anteriormente citada. Acompañan á solicitude copia da solicitude presentada no ano 2005 así como acordo adoptado no Pleno do Concello de Outeiro de Rei do 22/04/2024 para instar a reestruturación parcelaria nas parroquias de Folgueira, Matela, Taboi e Vilela, todas elas no termo municipal de Outeiro de Rei.

A iniciativa corresponde ao Concello de Outeiro de Rei, segundo o disposto no artigo 6.1.b) do dito texto legal "(b) Mediante solicitude debidamente motivada do concello ou concellos nos que se inclúa a zona para a que se propón a avaliación".

No que ao particular interesa, na solicitude presentada pode lerse:

"A posición social fronte ó proxecto de Reestruturación Parcelaria é favorable. Isto débese posiblemente a que outras parroquias do concello están xa concentradas ou en proceso de reestruturación, o cal fai que os veciños poidan observar os beneficios das actuacións da Reestruturación Parcelaria.

O concello de Outeiro de Rei inicia no ano 2005 os pasos necesarios para solicitar á Xunta de Galicia a realización da concentración parcelaria nunha serie de parroquias coincidentes coas de maior actividade agropecuaria do municipio.

Nestes momentos atópanse en marcha as reestruturación parcelaria de San Fiz de Paz, Sobrada de Aguiar, Arcos e San Lourenzo de Aguiar.

(...)

A estrutura de propiedade nestas parroquias, do mesmo xeito que na maior parte das parroquias de Galicia que non foron obxecto de concentración parcelaria, é moi fragmentada. Isto dificulta enormemente contar cunha base territorial adecuada ao servizo das explotacións. É difícil facerse coa terras para aumentar a devandita base territorial por ter

SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Ronda da Muralla 70, baixo 1
27071 Lugo

T.: 982 294 493

infraestruturas.agrarias.lugo@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





que tratar con moitos propietarios, polo que é difícil de traballar estas terras polo reducido tamaño das mesmas e a súa posición illada moitas veces únalas das outras.

Sen dúbida a reestruturación parcelaria redundará nunha mellora das explotacións gandeiras da zona o que non necesita ser demostrado debido a que xa está sobradamente probado o beneficio que ten na xestión e aproveitamento do territorio.

(...)

A reestruturación das parcelas repercutiría en menores custos, xa que facilita o manexo e a xestión das producións forraxeiras e da explotación en xeral, o cal implica uns maiores beneficios. Isto débese á redución de custos que supón a realización dos diversos traballos nun menor número de terreos, cunha forma máis regular, con mellores accesos, o cal implica que o tempo necesario para realizar as distintas labores é menor, coa redución dos desprazamentos, co conseguinte aforro de combustible, horas de traballo da maquinaria e do operador. Esta redución de custos e do tempo de traballo xunto co incremento dos beneficios debido o aumento da rendibilidade das explotacións pode axudar a frear a emigración na parroquia, e o conseguinte abandono das terras.

A apertura de pistas de concentración facilita o acceso ós terreos, reduce os tempos de desprazamento e ten ademais unha función contra incendios importante: actuando como devasas, facilitando o acceso e a extinción."

Á data de emisión do presente informe, foron elaborados polo Servizo de Infraestruturas Agrarias os seguintes traballos previos:

ST-4905 - Proxecto de colaboración de servizos técnicos para a redacción do estudo de impacto ambiental da parroquia de Taboí (Outeiro de Rei- Lugo), cofinanciada ao 75 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia.

DATA DE CONTRATO: 05/08/2015

CONTRATISTA: Proyestegal, SL

INVESTIMENTO: 6.029,06 €

GRAO DE EXECUCIÓN: 100 %

A tramitación ambiental deste documento non está completa á data de emisión do presente informe.

Finalmente, con data 10.02.2026 publicouse na páxina web da Consellería do Medio Rural a consulta aberta a todas as persoas interesadas en relación co cumprimento dos obxectivos xerais, xunto cun plano con parcelario e o perímetro proposto, rematando o prazo o día 27.03.2026.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A reestruturación parcelaria en Galicia ven regulada pola Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, en adiante METAGA, publicada no DOG núm. 131 do 14 de xullo de 2015. Para o inicio dun proceso de mellora de estrutura territorial compre acreditar, con carácter previo, que se cumpre algún dos requisitos para acadar os obxectivos xerais establecidos no artigo 2 citada Lei.

No artigo 6 regúlase a iniciativa para levar a cabo a avaliación do cumprimento dos obxectivos xerais, contemplando no apartado 1(b) o inicio "mediante solicitude debidamente motivada do concello ou concellos nos que se inclúa a zona para a que se propón a avaliación", como tal é o caso.





Logo de realizar a consulta previa a todas as persoas físicas ou xurídicas interesadas que permita coñecer a súa opinión sobre a iniciativa e as propostas de mellora, procede emitir un informe razoado de avaliación que será publicado na páxina web da Consellería do Medio Rural.

Para a acreditación do cumprimento dos obxectivos xerais teranse en conta as seguintes circunstancias reguladas no artigo 7 da METAGA:

- a) A existencia de deficiencias estruturais das explotacións agrarias situadas na zona de actuación que incidan negativamente na súa viabilidade técnico económica e que poidan ser corrixidas mediante algún dos procesos de mellora da estrutura territorial agraria.
- b) A actividade agraria da zona de actuación e a existencia de profesionais agrarios que dedican as súas producións á comercialización.
- c) O interese das persoas titulares, especialmente das explotacións agrarias, por levar a cabo o proceso, constatado polas sinaturas que apoien a petición
- d) O dinamismo do territorio e a poboación, que permita a maximización do efecto do procedemento de mellora.
- e) A potencialidade agraria da zona, estimada de acordo con criterios obxectivos.
- f) A sensibilidade ambiental, atendendo aqueles aspectos que poden condicionar negativamente a viabilidade das actuacións e a existencia dentro do seu perímetro de áreas ambientalmente protexidas ou que, estando fóra deste, se poidan ver afectadas negativamente.
- g) A posibilidade de mitigar os efectos do cambio climático mediante a diminución das emisións de CO₂ e do número e intensidade dos incendios forestais.
- h) Outros factores que se consideren adecuados para acreditar o cumprimento dos obxectivos xerais

3. ANÁLISE DA ZONA OBXECTO DE ESTUDO

3.1 Caracterización da zona

O Concello de Outeiro de Rei atópase na parte centro-occidental da provincia de Lugo, a 11 km da capital provincial. Limita polo norte cos concellos de Begonte, Cospeito e Rábade; polo leste co de Castro de Rei; polo sur co de Lugo e polo oeste co concello de Friol.

Forma parte da comarca de Lugo e da "Mancomunidade de Municipios da Terra Chá" na que se inclúen os municipios de Abadín, A Pastoriza, Castro de Rei, Cospeito, e Outeiro de Rei.


Posúe unha extensión de 134 km² e esta formada por 27 parroquias, situándose a capital do municipio en San Xoán de Outeiro de Rei.

Conta con con 5.420 habitantes segundo o Padrón Municipal de Habitantes de 2025, 2.778 homes e 2.642 mulleres, distribuídos nas parroquias que compoñen o Concello (fonte: <https://www.ine.es/>)

O proxecto de reestruturación parcelaria localízase na parroquia de Taboi (San Pedro): Limita coas parroquias de Castelo (E e SE), Folgueira (S); Cela (SO e O) do Concello de Outeiro de Rei e cos concellos de Cospeito (N e NO) e de Castro de Rei (NE); conta con 82 habitantes (fonte: <https://www.ine.es/>), agrupados en 9 entidades de poboación: Fontela (4), Fraiz (3), Xigán (10), Pacio (7), O Pasadoiro (8), O Pereiro (21), A Peroxa (13), Trasfonte (10) e San Marcos (6).

A parroquia obxecto de solicitude localízase no extremo norleste do Concello de Outeiro de Rei, tal e como se pode observar na seguinte imaxe:





Fonte: <https://outeiroderei.gal/>

O perímetro obxecto de avaliación é o resultante dos traballos de deslinde levados a cabo durante a elaboración do Documento Ambiental. O perímetro continuará coa súa definición nos traballos de elaboración do Estudo Previo de Iniciación, que entre outra información conterá: "b) Un estudo de determinación do perímetro de reestruturación da zona, que conterá información cartográfica precisa sobre o seu deslindamento perimetral e a delimitación da zona de reestruturación, incluíndo a delimitación precisa dos elementos de especial protección de carácter histórico-cultural, arqueolóxico, paisaxístico, forestal, mineiro, ecolóxico, ambiental e calquera outro que a normativa sectorial vixente determine" e quedará definitivamente fixado nas bases.

A estrutura da propiedade da zona obxecto de estudo é a seguinte:

- Superficie: 423,1 ha (411 ha descontando o viario)
- Nº Parcelas: 2042
- Nº Propietarios: 399
- Superficie media parcela (ha): 0,20
- Nº Parcelas/: 5,12
- Superficie media propietario (ha): 1,03


3.2 Usos e aproveitamentos

Para coñecer o uso tradicional dos terreos, realízase un estudo evolutivo do aproveitamento do medio rural mediante a análise das ortofotos existentes históricas da fototeca dixital do Instituto Xeográfico Nacional.

Nelas observase existencia de activade agraria en gran parte do perímetro, con algunhas zonas delimitadas onde se aprecian aproveitamentos forestais.

Na seguinte imaxe, recóllese a zona obxecto de análise sobre as fotografías históricas do Voo Americano realizado entre os anos 56 e 57 e sobre ortofotografía do PNOA 2023.





Segundo os datos recollidos durante a tramitación ambiental, os usos do solo serían os seguintes:


USO	SUPERFICIE (ha)	%
Agrícola-gandeiro	288,3	68,13
Formacións de especies frondosas autóctonas	78,1	18,46
Repoboacións forestais	27,0	6,38
Canles fluvias	19,01	4,48
Vias de comunicación	8,3	1,97
Diseminado	2,4	0,57
TOTAL	423,1	





Segundo o recollido no MAPA DE USOS AGROFORESTAIS DE GALICIA, recentemente aprobado, as coberturas dos solos no ámbito territorial da zona a avaliar arrojan resultados moi semellantes aos do estudo de impacto ambiental. En síntese, a superficie de cobertura con arborado forestal ascende a 117 ha aproximadamente, das cales unhas 100 ha corresponden a especies frondosas caducifolias; as terras de cultivo ocupan unha superficie de en torno ás 278 ha.

As seguintes imaxes amosan as coberturas do solo históricas e actuais do perímetro da zona obxecto de avaliación (Fonte: <https://muag.xunta.gal/>)



Dende o punto de vista da paisaxe, na área de estudo diferéncianse principalmente tres zonas:

1. Unha zona onde a paisaxe se define a partir de parcelas que se adican ao aproveitamento agrícola e gandeiro principalmente e tamén onde están os núcleos de poboación.
2. Unha segunda zona caracterizada por masas arbóreas, principalmente de frondosas (carballos e bidueiros) e plantación de piñeiros e eucaliptos.
3. E finalmente, unha zona de vexetación ripícola asociada ao Rio Miño e regatos.







3.3 Consideracións urbanísticas

Nas táboas de usos non se contempla a delimitación de solos de núcleo rural. Sobre este particular, cómpre indicar que o planeamento urbanístico do concello réxese polas normas subsidiarias de planeamento aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo, con data do 30 de outubro de 1992. Esta norma contempla importantes masas de solo clasificado como núcleo rural, que abranguen unha ampla superficie, e hai que ter en conta ademais que o planeamento contempla a posibilidade de conceder licenzas de edificación en un área de tolerancia de 40 m dende o límite destes núcleos. Estes extremos deben ser avaliados pormenorizadamente de cara a determinar o perímetro da zona a reestruturar. Segundo o que dispón o artigo 40 da lei 4/2015, a inclusión dun núcleo rural *requerirá a solicitude previa e expresa por parte do concello á dirección xeral competente*. O mesmo artigo sinala o tratamento dos solos así clasificados, previa a súa delimitación pola administración municipal, como un subperímetro cun tratamento diferenciado do resto da zona.

No ámbito da zona obxecto de estudo, e segundo a información dispoñible na páxina web do Sistema de Información e Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia (<https://siotuga.xunta.gal/siotuga/inicio>), está delimitado o núcleo rural denominado "NRT-PACIO-PASADOIRO-PEREIRO-PREOXA-TRASFONTE" que ocupa un área aproximada de 80 ha, incluíndo a zona de tolerancia.






3.4 Afeccións

A superficie de reestruturación parcelaria presenta unha orografía suave, sendo practicamente cha. Dita zona ten unha altitude comprendida entre os 386 e os 436 metros e unha pendente media do 3 %. Toda a superficie atópase dentro das catro primeiras clases consideradas aptas para o cultivo, de xeito que o 67 % da superficie pertence á clase II (terreos capaces de soportar un laboreo continuado) e case o 33 % restante pertencen á clase III (capaces de soportar un laboreo sistemático). O resto de terreos son susceptibles de laboreo tan só en forma ocasional, representando unha porcentaxe testemuñal.


No tocante ás afeccións na zona obxecto de estudo, consultada a información dispoñible no visor do Plan Básico Autonómico (<https://mapas.xunta.gal/visores/pba/>), está dentro da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Non existen outras afeccións relevantes que podan condicionar un futuro proceso de reestruturación en materia de augas, minaría, enerxía, etc. Non existen montes veciñais en man común dentro do perímetro.

As afeccións máis significativas atópanse en relación a zonas incluídas na RN2000 na contorna do Río Miño que ao seu paso por Outeiro de Rei desdóbrase formando illas fluviais, co LIC Parga-Ladra-Támoga, así como as derivadas da existencia dalgúns elementos patrimoniais no perímetro, tal e como se pode apreciar na seguinte imaxe:





O concello pertence a Grande Area Paisaxística de Chairas e Fosas Luguesas e as unidades de paisaxe mais representadas son agrosistema extensivo e agrosistema intensivo (superficie de cultivo).





Dentro dos valores paisaxísticos de uso compre sinalar que hai varios produtos galegos de calidade incluídos do perímetro como Mel de Galicia, Tarta de Santiago, Queixo Tetilla, Ternera e Lacón Galego, Castaña de Galicia, etc.

4. EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS NO ÁMBITO DA SOLICITUDE

Na zona obxecto de estudo, en número de explotacións, a orientación predominante é o vacún tanto de leite como de carne. A solicitude presentada inclúe sinaturas de titulares de terreos dentro das parroquias solicitadas que foron recompiladas co gallo da solicitude inicial no ano 2005, mais non se acompañan sinaturas de persoas titulares de explotación identificadas polo seu código CEA.

No tocante ás explotacións gandeiras que se atopan na zona obxecto da solicitude, foron consultados os datos dispoñibles no Servizo de Gandería dependente do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo.

VACÚN


Nº ORDE	COD REGA	ORIENTACIÓN	CENSO <12 MESES	CENSO 12-24 MESES	CENSO >24 MESES	TOTAL
1	ES270390000401	Rep. produción Leite	3	1	3	7
3	ES270390015301	Rep. Carne	3	0	9	12
4	ES270390039701	Rep. Carne	0	0	1	1
5	ES270390040801	Rep. Carne	2	0	3	5
6	ES270390062901	Rep. produción Leite	17	17	33	67
7	ES270390063201	Rep. Carne	7	0	12	19
8	ES270390066901	Rep. produción Leite	13	17	55	85
			45	35	116	196

PEQUENOS RUMINANTES: pola súa escasa relevancia, indícanse unicamente os censos totais.

Nº ORDE	COD REGA	ORIENTACIÓN	TOTAL
1	ES270390011701	Rep. carne	27
2	ES270390095301	Rep. carne	1
3	ES270390105901	Rep. carne	5
			33

Na seguinte imaxe amósanse as parcelas declaradas na PAC na campaña 2025 na área obxecto de estudo. En torno a unhas 100 ha se corresponden con pastos permanentes de 5 ou máis anos, 25,5 ha de pastos de menos de 5 anos e 17 ha de raygrass anual. As distintas cores responden a que a delimitación da zona de Taboi non se corresponde coas delimitacións administrativas da parroquia. A superficie total declarada na área delimitada ascende ás 184 ha.





Dos datos anteriores, despréndese no caso do vacún un censo total de 196 animais. Para o cómputo da carga gandeira, considérase a equivalencia de 0,4 UGM para animais de menos de 12 meses; 0,7 UGM para animais de 12 a 24 meses e de 1 UGM para animais de máis de 24 meses, o que arroxa un resultado de 158,5 UGM. Se consideramos unha superficie de cultivo na parroquia dunhas 278 ha, a carga gandeira está en torno ás 0,6 UGM/ha, moi inferior á carga gandeira máxima recomendada de 2 UGM/ha.

5. EXPERIENCIAS PREVIAS DE REORGANIZACIÓN DA PROPIEDAD

No concello de Outeiro de Rei constan 2 zonas de concentración/reestruturación parcelaria rematadas, que representan o 4% da superficie total do concello:

Nome	Superficie (hectáreas)	Nº propietarios	Nº parcelas	Nº fincas	Data decreto	Data entrega títulos
Castelo	244	229	1291	364	26/01/1979	08/04/1999
Parada	311	130	1654	302	14/04/1988	08/06/2005






Á data de emisión do presente informe, no concello de Outeiro de Rei constan 2 zonas de reestruturación parcelaria activas, que representan o 18 % da superficie total do concello:

Nome	Superficie (ha)	Nº prop.	Nº parcelas	Nº fincas	Data decreto	Última fase aprobada	Data última fase aprobada
San Fiz de Paz	1.120,3	232	1.747	0	25/03/2021	Enquisa de bases	14/10/2024
Arcos-Sobrada de Aguiar-San Lourenzo de Aguiar	1.304,72	529	3.043	0	25/03/2021	Enquisa de bases	15/10/2024

No seguinte mapa recóllense as concentracións parcelarias rematadas e os procedementos en curso no Concello de Outeiro de Rei:



Fonte: <https://mapas.xunta.gal/visores/parcelaria/>

6. CONSULTA ABERTA A TODAS AS PERSOAS INTERESADAS

Co fin de dar cumprimento ao artigo 7.4 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, a Consellería do Medio Rural publicou unha consulta aberta a todas as persoas físicas e/ou xurídicas interesadas coa finalidade de coñecer a súa opinión sobre a iniciativa e propostas de mellora.

Para tal fin, con data 10 de febreiro de 2026 realizouse unha consulta pública na páxina web da Consellería do Medio Rural e habilitouse un correo electrónico (infraestructuras.agrarias.lugo@xunta.gal) para que calquera persoa interesada puidera enviar as súas opinións e achegas sobre a iniciativa ou propostas de mellora.

O dito prazo finalizou o 27 de marzo de 2026 sen que ata a data se teña recibido suxestión, queixa ou proposta para ser incluída no presente informe.





7. VIABILIDADE DO PROXECTO

Segundo se recolle na solicitude presentada polo Concello de Outeiro de Rei, a posición social fronte ao proxecto de reestruturación parcelaria é favorable, debido posiblemente a que outras parroquias do concello están xa concentradas ou en proceso de reestruturación, o cal fai que a veciñanza poida observar os beneficios das actuacións de reorganización da propiedade.

Segundo manifesta a administración municipal na súa solicitude *"(...) desde o punto de vista do aproveitamento agrícola e forestal, aínda que non é predominante na zona, a reestruturación propiciará devanditos aproveitamentos, xerando riqueza para os seus propietarios e evitando que o abandono do territorio constitúa un perigo constante de incendios"*. O que se pretende, en síntese, é *"conseguir unha ordenación da superficie agraria que permita un uso adaptado as necesidades agrícolas e forestais de cada zona. Tras a reestruturación parcelaria o valor das terras verase incrementado, ao tempo que permite aumentar a base territorial das explotacións agropecuarias e reducir considerablemente os seus custos de produción."*

Dende un punto de vista técnico, o proxecto semella viable, tendo que estar ao disposto nas indicacións recollidas derivadas da tramitación ambiental cando esta se complete. Non existen limitacións importantes dende un punto de vista patrimonial ou ambiental, e os terreos obxecto do proceso poden ter un uso agrícola axeitado sendo susceptibles da posta en cultivo de parte dos terreos en estado de abandono ou infrautilización.

8. CONCLUSIÓN

Á vista de todo o exposto, pode concluirse que:

- Existen deficiencias estruturais nas explotacións agrarias situadas na zona de actuación que inciden negativamente na súa viabilidade técnico-económica e que poden ser corrixidas mediante un proceso de mellora da estrutura territorial agraria.
- Na zona hai actividade agraria e existen profesionais agrarios que adican as súas producións á comercialización.
- O interese das persoas titulares constátase xa na solicitude inicial, do ano 2005, solicitada pola maioría das persoas propietarias, polo que se supón un grao de aceptación positivo. A solicitude presentada polo Concello de Outeiro de Rei no ano 2025 motiva a petición dun proceso de reestruturación parcelaria, baseándose nas deficiencias estruturais e á necesidade de ordenación das actividades agrícolas e forestais.
- Rematada a zona espérase mitigar os efectos do cambio climático mediante a diminución de CO₂, debido aos menores desprazamentos e técnicas de cultivo menos impactantes, así como diminuír o número e intensidade dos incendios forestais mediante a creación de infraestruturas, recuperación de terras actualmente en abandono ou improdutivas e un uso do territorio máis rendible.

Lugo, na data da sinatura dixital

A xefa do servizo

María Pérez Folgueira

